

# Proxecto Educación África | ONG Burkina Faso | Formación Profesional Mulleres

En Ouagadougou (Burkina Faso), seguimos apoiando a mellora do centro de formación profesional



O proxecto sitúase preto de **Ouagadougou**, capital de **Burkina Faso**, concretamente no departamento de **Saaba**, onde viven aproximadamente 80.867 persoas.

A zona está poboada por emigrantes que chegan á cidade en busca de oportunidades, con una enorme escaseza de recursos

comunitarios. **Carece de estruturas educativas** e con prazas insuficientes para cubrir a necesidade escolar.

A congregación española **Relixiosas de María Inmaculada (RMI)** leva dende 1992 traballando no sur do país, e en **Saaba** dende o 2012, xestionando o centro educativo **Santa Vicenta María**.

**En Burkina Faso só un 21% das mulleres está alfabetizada. En xeral, a situación da muller é de sometemento forzado ao varón, marido ou pai.**

Este proxecto, que é a 3ª fase dun proxecto iniciado no 2019 xunto con **Manos Unidas**, vai continuar dando acceso anual á **formación profesional de 432 rapazas novas sen recursos** a través da costura, bordado, tecido e tinguido de tecidos e xestión administrativa, facilitando a súa independencia económica a través de microempresas ou da venda dos seus produtos, e favorecendo o seu desenvolvemento autosustentable e o das súas familias.



Fachada exterior da residencia das estudantes do centro de formación profesional

Mellorarase a cobertura das instalacións do centro de formación, coa **construción dun segundo piso no edificio-residencia das estudantes**, para poder acoller un maior número de rapazas sen recursos (ben vítimas de abusos e violencia intrafamiliar, ben procedentes de lugares máis afastados).

Indirectamente, o **proxecto beneficiará aproximadamente a unhas 3.200 persoas**.